

ACLARACIONES ÁS SOLICITUDES

¿Cómo se presenta a solicitude?

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Carballo ou Rexistro Electrónico:

<https://sede.carballo.org/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>

Modelos de Solicitude:

Os modelos contemplan todo o contido posible de unha hipotética solicitude, co cal unha parte importante da documentación é opcional e será innecesaria en moitos casos. **Presentade só a oportuna para cada caso concreto, eliminando o resto, incluída a palabra OPCIONAL.**

Documentación:

Nos modelos figura unha relación de toda a documentación posible para comprobar e seleccionar aquela que se presenta, debendo eliminar o resto da relación.

Se xa se presentaron documentos que non sufriron modificacións non hai obriga de nova presentación, pero débense relacionar no apartado correspondente, facendo referencia á data e nº de rexistro.

Existe unha documentación xeral común a tódalas solicitudes e a documentación específica, destinada a detallar o obxecto da subvención e datos concretos obxecto de valoración, **polo cal se deben expresar nos espazos e formato reservados ós mesmos.**

Aclaracións a parte da documentación a presentar.

(As presentes relacións non constitúen a totalidade, que figura nas bases e nos formularios)

Documentación Xeral

- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en que delegue na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, na que se inclúan as certificacións **(SÓ PARA OS CASOS NOS QUE SE PRODUZA ESTA DELEGACIÓN)**
- Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude **(DETALLAR O NOME CORRECTO DO PROXECTO ASÍ COMO O IMPORTE CORRECTO SOLICITADO)**
- Certificación orixinal acreditativa do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Carballo e fotocopia do NIF do mesmo **(SÓ NO CASO DE NOMEAR REPRESENTANTE DIFERENTE Ó PRESIDENTE)**
- Declaración de non estar incurso a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 novembro **(NO CASO DE NOMEAR REPRESENTANTE)**
- Oposición a que o Concello de Carballo poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións. **(SÓ NON CASO DE QUE NON DESEXEN QUE O COMPROBE O CONCELLO DE CARBALLO)**

- Certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas ca Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social. **(SÓ NO CASO DE OPOÑERSE A COMPROBACIÓN DO CONCELLO)**
- Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimento de documentación. **(SEMPRE, E AS NOTIFICACIÓNS PODERÁN EFECTURARSE A ESE CORREO)**
- Comunicación e solicitude de autorización ó Concello de Carballo para contratar con persoas ou entidades vinculadas co solicitante. **(SÓ NO CASO DE QUE SE INCURRA EN OPERACIÓNS VINCULADAS)**
- Declaración de insuficiencia financeira para asumir os gastos de execución do proxecto e constitución de garantía e Solicitude de pago anticipado con exoneración de constitución de garantía. **(PARA PODER COBRAR ANTICIPADAMENTE SE SE DESEXA)**
- Declaración de non estar vinculadas con entidades privadas con ánimo de lucro proveedoras de servizos deportivos análogos ós do obxecto principal da entidade solicitante, no ámbito municipal.

Documentación específica da convocatoria para o financiamento de actividade xeral durante o ano 2018.

- Certificación acreditativa expedida pola federación correspondente referida á tempada obxecto da subvención (2018 no caso de tempada anual ou 2017/18 no caso de tempadas bianuais) do nº total de licenzas de deportistas, técnicos e personal auxiliar en vigor e equipos en competicións, desagregadas por categorías e sexo, e con diferenciación das licenzas que habiliten para a participación en competicións oficiais, e aquelas que non se as houbera. **(DEBEN CERTIFICAR ÚNICAMENTE LICENZAS QUE HABILITEN PARA COMPETIR)**
- Certificación acreditativa expedida pola federación correspondente referida á tempada obxecto da subvención (2018 no caso de tempada anual ou 2017/18 no caso de tempadas bianuais) da relación de equipos e/ou deportistas en competición, con expresión do nivel da competición para cada un deles.
- No caso de deportes individuais con licenzas federadas que habilitan para competir, certificación acreditativa expedida pola federación correspondente da participación dos deportistas titulares das licenzas nas respectivas competicións, ou documento que permita acreditarla suficientemente. **(EN DEFECTO DE CERTIFICACIÓN FEDERATIVA PODERÁN APORTAR TABOAS CLASIFICATORIAS OU DE RESULTADOS, ETC.)**
- Relación de méritos deportivos segundo o definido na base 9.4 da convocatoria. **(COMPROBAR OS TIPOS NAS BASES E AXUSTARSE ÓS MESMOS INDICANDO O TIPO CONCRETO PARA CADA CASO)**
- Orzamento estimado dos gastos, detallando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade. **(CAPÍTULO DE GASTOS EN INGRESOS HAN DE SUMAR O MESMO IMPORTE)**
- Importe da subvención solicitada. **(NON DEBE SER NUNCA SUPERIOR Ó ESTIPULADO PARA A CONVOCATORIA)**

Documentación específica da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de Organización de Eventos Deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2018.

- Proxecto Técnico, con especificación de: Descrición, xustificación, fins e obxectivos, perfil e criterios de
- Orzamento estimado dos gastos, desglosando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade. **(CAPÍTULO DE GASTOS EN INGRESOS HAN DE SUMAR O MESMO IMPORTE)**
- Importe da subvención solicitada. **(NON DEBE SER NUNCA SUPERIOR Ó ESTIPULADO PARA A CONVOCATORIA)**

Documentación específica Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

- Importe da subvención solicitada. **(NON DEBE SER NUNCA SUPERIOR Ó ESTIPULADO PARA A CONVOCATORIA)**
- Orzamento estimado dos gastos, desglosando os Ingresos referentes a cotas propias da actividade, a subvencións, e a outros tipos de ingresos, e os Gastos referentes a persoal, profesionais, materiais e outros imputables directamente á actividade. **(CAPÍTULO DE GASTOS EN INGRESOS HAN DE SUMAR O MESMO IMPORTE)**